

ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE ABRIL DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **27 de abril de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, visecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesións ordinarias dos días 20 de outubro e 17 de novembro de 2016 (núms. 17 e 18).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM nas disposicións transitorias 2ª e 12ª.**
- 4. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do catálogo do PXOM: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d).**
- 5. Toma en consideración, se procede, de proposición normativa presentada polo grupo municipal do Partido Popular, en relación á ordenanza 1.01: imposto sobre bens inmobles.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa a implantación dun plan periódico de inspeccións para o control do inicio de actividades e apertura de establecementos mediante comunicación previa.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación a modificacións das ordenanzas reguladoras de publicidade e rotulación e das terrazas e quioscos de hostalería.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa á necesidade de proceder á rehabilitación do Pazo da Finca do Espiño.**
- 9. Dar conta de resolución da alcaldía de cese e nomeamento de membro da Xunta de Goberno.**

10. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

11. Rogos e preguntas.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de comezar a tratar os asuntos que conforman a orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIAS DOS DÍAS 20 DE OUTUBRO E 17 DE NOVIEMBRE DE 2016 (NÚMS. 17 E 18).

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinarias dos días 20 de outubro e 17 de novembro de 2016, núms. 17 e 18.

Unha vez rematado o punto primeiro da orde do día, pasan a intervir na sesión plenaria, dona Elia Lago Pereira, en relación á recuperación do vello hospital de Galeras, e Don José Ramón Martínez Barral, solicitando cambiar o emprazamento da antena de telefonía móbil sita no Restollal.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NAS DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS 2ª E 12ª.

O informe xurídico de data 12 de abril do corrente ano, emitido pola xefa de sección de xestión urbanística que trae o conforme do vicesecretario, ten o seguinte contido:

“1. ANTECEDENTES

Previo acordo adoptado polo Pleno municipal o día 17 de novembro de 2016, o Concello remitiu ao órgano ambiental a documentación precisa para iniciar o procedemento de avaliación estratéxica da Modificación do PXOM nas áreas de planeamento incorporado.

Segundo o borrador remitido en novembro de 2016, a Modificación propuxo engadir una nova disposición adicional (18ª) á normativa do PXOM, de alcance xeral para todos os planeamentos incorporados, que integraría varios aspectos:

a) Utilización dos espazos baixo cuberta

Neste punto, e en aras dunha maior uniformidade e homoxeneización de criterios, propónse aplicar con carácter xeral o establecido no segundo parágrafo do artigo 125.6 do PXOM vixente (Construcións por riba da altura), que permite a utilización dos espazos baixo cuberta con destino a usos complementarios da edificación como trasteiros ou a usos dos permitidos na planta inmediata inferior, sempre que a súa utilización estea vinculada á mesma, mediante escaleira interior.

b) Superficie edificable permitida no solo urbano consolidado e non consolidado

Nos terreos que teñen a condición de solo urbano consolidado, a lei establece a aplicación directa das determinacións do plan sobre a parcela (artigo 22.a da LSG) para a materialización do volume edificable, que se atopa perfectamente definido nas ordenanzas ou nos planos de ordenación mediante o sinalamento de liñas de edificación e alturas (sólido capaz). En consecuencia, nesta categoría de solo, a superficie edificable en cada parcela será a que resulte de aplicar as condicións de edificación que no plan se establezan (altura, fondo, ocupación, etc.), as cales definen un volume edificable ou aproveitamento real, que é o permitido pola ordenación urbanística, con independencia da súa medición ou cómputo.

Nos ámbitos de solo urbano non consolidado (polígonos ou unidades de execución), tamén será autorizable o volume edificable permitido polo respectivo plan, sempre que non exceda o índice legalmente establecido para o solo urbano non consolidado (hoxe definido polo artigo 41.1 da LSG), o que haberá de xustificarse sobre o ámbito do respectivo polígono ou, de ser o caso, sobre o conxunto do solo urbano non consolidado da respectiva área de planeamento ou do distrito (artigo 42.4 da LSG).

c) Procedemento aplicable para a modificación puntual do planeamento incorporado

Por motivos de seguridade xurídica, clarifícase o procedemento a seguir para a modificación ou reforma puntual das determinacións do planeamento incorporado.

Así, e na medida en que o PXOM remite a ordenación detallada destes ámbitos a plans de desenvolvemento aprobados con anterioridade, considérase axeitado que a alteración do seu contido sexa o mesmo procedemento aplicable para a aprobación do

planeamento de desenvolvemento -plan parcial, de sectorización*, ou especial, segundo proceda-, agás se a modificación proposta afecta a determinacións ou contidos legalmente reservados ao planeamento xeral (determinacións básicas ou estruturantes, non susceptibles de modificación ou reaxuste polo planeamento de desenvolvemento).

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, mediante resolución do 8 de febreiro de 2017 -publicada no Diario Oficial de Galicia número 51 do 14 de marzo de 2017- formulou o Informe ambiental estratéxico (expediente 2016AAE1984, código web 1883/2016), e resolveu non someter a Modificación ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria.

Durante o período de consultas recibíronse informes favorables do Servizo de Planificación da Paisaxe e da Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación.

Tamén emitiu informe a Secretaría de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que indica a “necesidade de analizar, caso a caso, a incidencia da proposta nun posible incremento da edificabilidade permitida e da necesidade de dotacións, tendo en conta a categoría de solo á que se refira”

3. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

Como xa se explicara nun informe emitido con data 7 de outubro de 2016, a Modificación pretende solventar as discrepancias que se puxeron de manifesto polos técnicos do Servizo Municipal de Licenzas en canto á aplicación práctica de aspectos puntuais da normativa do planeamento incorporado na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e PERIS de Concheiros, Outeiro e Vieiro). Se ben os problemas foron detectados nos citados ámbitos de planeamento, propúxose engadir na normativa do PXOM unha disposición de alcance xeral para todos os planeamentos incorporados, a fin de clarificar os criterios para determinar a superficie edificable permitida e para a utilización dos espazos baixo cuberta, coa finalidade principal de harmonizar a súa regulación co marco legal vixente e coas condicións xerais do PXOM. Por outra banda, e na marxe do anterior, tamén se estimou conveniente clarificar o procedemento a seguir cando se pretenda modificar ou reformar puntualmente concretas determinacións do planeamento incorporado.

Non entanto o anterior, e á vista do informado pola Secretaría de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da nova regulación do planeamento incorporado e remitido que establece o Regulamento da Lei do solo de Galicia, propónse:

1. Limitar o alcance territorial da Modificación proposta aos planeamentos incorporados na zona de Fontiñas (Plan parcial de Fontiñas e Plans especiais de reforma interior de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro), a fin de solventar as discrepancias que se explicitan na memoria do proxecto.

2. Suprimir a regulación do procedemento de modificación das determinacións do planeamento incorporado, xa que o Regulamento da Lei do solo de Galicia, no seu artigo 105.2 establece unha regulación detallada deste extremo, distinguindo entre planeamento incorporado e remitido. De acordo co disposto no citado artigo, a maior parte dos planeamentos aos que se refíren as disposicións transitorias e finais do PXOM teñen a consideración de planeamento remitido, polo que calquera modificación das súas determinacións “seguirá o réxime aplicable á modificación do instrumento de desenvolvemento de que se trate”.

3. Clarificar que a Modificación proposta non supón incremento da superficie edificable máxima permitida polos respectivos planeamentos, xa no conxunto dos respectivos plans o volume edificable determinado polo sólido capaz en ningún caso supera o que resultaría de aplicar o índice sobre o conxunto das parcelas afectadas.

De conformidade co exposto, o proxecto de Modificación que se somete a aprobación inicial afecta só ás disposicións transitorias segunda (Plan parcial de Fontiñas) e duodécima (Plan especiais de reforma interior) como deseguido se indica:

- Na DT-2ª (Plan parcial de Fontiñas) engádese o seguinte parágrafo:

No que atinxe á utilización dos espazos baixo estarase ao disposto con carácter xeral na normativa do Plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo).

- Na DT-12ª engádese o seguinte apartado:

Superficie edificable permitida e utilización dos espazos baixo cuberta no ámbito dos PERIs de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro, Outeiro e Vieiro

1. Nos terreos que teñan a condición de solo urbano consolidado, autorizarase o volume edificable definido polo respectivo planeamento incorporado, segundo as condicións de edificación (altura, fondo, ocupación, ...) que nel se establezan.

2. Nos polígonos de solo urbano non consolidado, autorizarase tamén o volume edificable definido polo respectivo plan, previa xustificación de que non excede o límite de intensidade establecido pola lei nesta categoría de solo.

3. A utilización dos espazos baixo cuberta rexerase polo disposto con carácter xeral na normativa do plan xeral (artigo 125.6, segundo parágrafo)

4. PROCEDEMENTO

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

O artigo 123.1.i) da LBRL atribúe ao Pleno Municipal:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª, segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2017.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

- A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 8 de febreiro de 2017, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito e de conformidade co ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á sesión ordinaria do día 20 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido no artigo 123.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) nas disposicións transitorias 2ª e 12ª, segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en abril de 2017.

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

- O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

- A resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 8 de febreiro de 2017, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

4. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-061 (CASA EN LAVACOLLA) E CREACIÓN DAS FICHAS D-061 (A), D-061 (B-C) E D-061 (D).

O informe xurídico de data 4de abril do corrente ano, emitido pola xefa de sección de xestión urbanística que trae o conforme do vicesecretario, ten o seguinte contido:

“1.Obxecto da Modificación

A Modificación proposta afecta ao Catálogo de bens culturais do PXOM vixente e ten por obxecto:

- Corrixir o erro detectado na ficha de catalogación D-061 (Casa en Lavacolla), en concreto no que atinxe á correcta ubicación ou emprazamento en planos da edificación catalogada.
- Desagregar a ficha de catalogación D-061 en tres fichas independentes -(a) (b-c) e (d), a fin de reflectir de forma separada a protección dos tres conxuntos edificadas na zona (Sabugueira-Lavacolla) que se atopaban incluídos na mesma referencia -D-061- no Catálogo do anterior Plan xeral (PXOU-89).

Logo de analizar a ficha de Catálogo correspondente á referencia D-061, tal e como estaba recollida no Plan xeral do 89 antes da súa revisión, compróbase que baixo aquela referencia se agrupaban varios conxuntos edificadas diferentes situados na parroquia de Sabugueira, na zona da Lavacolla, que se catalogaban cunha única referencia por compartir características similares, e sobre os que se establecía o mesmo grao de protección. Nesta ficha incluíanse tanto a construción reflectida na fotografía do

Catálogo do PXOM vixente, como outra que se sitúa no emprazamento referenciado en planos (S-21), ademais doutras dúas edificacións de características similares situadas no contorno.

Os obxectivos explicitados na memoria do Catálogo do PXOM vixente -que di incorporar os elementos xa catalogados polo anterior- fai pensar que non houbo unha vontade real de descatalogar os citados bens, e que a contradición detectada obedece a un fallo técnico na incorporación dos elementos catalogados polo Plan xeral anterior.

Polo tanto, entendemos que o máis coherente co obxectivo de protección e posta en valor do patrimonio cultural do municipio non é desprotexer as construcións existentes nos diferentes emprazamentos, senón, pola contra, solventar as discrepancias detectadas e integrar correctamente no Catálogo e nos planos de ordenación os elementos que se consideran merecedores de protección, todo isto en consideración ao seu carácter tradicional, a súa vinculación ao Camiño Francés e a súa inclusión no ámbito do Plan especial director deste ámbito (PE-3).

Cómpre advertir, por outra banda, que a edificación que figura na fotografía da ficha D-061 do actual Catálogo foi obxecto dun procedemento xudicial (PO 4503/2012), que concluíu cunha sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (nº 636/2014). Esta sentenza obrigou á administración autonómica a autorizar a derruba do edificio, ao non estimarse acreditado o seu interese para a protección do Camiño Francés, “no habiéndose por tanto desvirtuado la circunstancia sobre ausencia de catalogación del edificio al que afecta este proceso, lo que se indica a los exclusivos efectos del presente litigio”

A fin de dar cumprimento á sentenza, o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura outorgou, con data 25 de novembro de 2014 (expediente 2010/702) a autorización do proxecto de demolición presentado pola propiedade (Casal Cotón S.L.)

Con todo, o Concello denegou a licenza municipal de derruba argumentando que a edificación que se pretende derrubar é a que figura na fotografía da ficha de catalogación D-061 do PXOM vixente, se ben produciuse un erro ao indicar o seu emprazamento en planos.

2. Avaliación ambiental estratéxica e entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)

No ano 2015 o Concello de Santiago remitiu a documentación precisa para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, xa que naquel momento era este o órgano substantivo e competente para solicitar do órgano ambiental a avaliación ambiental estratéxica.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación, mediante resolución do 18 de febreiro de 2016, formulou o INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO, que establece a necesidade de cumprimentar as indicacións achegadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (redefinición do contorno dos bens catalogados e non descatalogación da vivenda da ficha D-061 (d))

Sobre esta cuestión -delimitación do contorno de protección e elementos asociados- é preciso sinalar que o artigo 174 da normativa do PXOM vixente (edificios, conxuntos e elementos obxecto de protección non integral) xa define o contorno ou área de protección dos bens catalogados, aplicable con carácter xeral, agás determinación expresa da correspondente ficha de Catálogo. No suposto particular do inmovible 061 (a) a Modificación propón acotar a área de protección á parte da parcela que se considera asociada ao conxunto que se pretende preservar, pois o resto da parcela, se ben forma parte na actualidade da mesma finca catastral, se percibe como unha peza independente, apoiada noutro viario de concentración parcelaria e non vinculada ao conxunto orixinal.

Con todo, estando os bens afectados no ámbito do Plan especial de protección do Camiño Francés (PE-3), remítese ao citado plan especial a pormenorización das condicións de protección, incluíndo, de ser o caso, a concreción do contorno afectado.

Con data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a nova Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), cuxa disposición transitoria segunda, apartado 3, sinala:

Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial na data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela.

En consecuencia, e a fin de respectar na súa integridade o procedemento que agora regula o artigo 60 da vixente LSG, é preciso retrotraer o expediente e formular nova solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, para a súa tramitación consonte ao esixido no apartado 4 do precitado artigo 60.

Na actualidade, o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral (artigos 61.2 da LSG e 123.1.i) da Lei de bases do réxime local), polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Con fundamento nas anteriores consideracións, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d), xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en decembro de 2015.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 60.4 da LSG.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito e de conformidade co ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á sesión ordinaria do día 20 de abril do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido no artigo 123.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, acorda:

Primeiro: Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d), xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada pola Sección Municipal de Planeamento en decembro de 2015.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites regulados no artigo 60.4 da LSG.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

5. TOMA EN CONSIDERACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSICIÓN NORMATIVA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN Á ORDENANZA 1.01: IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Con data 13 de novembro de 2016 e número de rexistro 57618, o grupo municipal do Partido Popular, presentou a proposición normativa, co seguinte contido:

“PROPOSICIÓN NORMATIVA:

ORDENANZA 1.01 IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Ao abeiro do disposto no artigo 94 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello de Santiago, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposición normativa referida á Ordenanza 1.01, Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, recolle no seu artigo 74.4 a posibilidade de que os concellos regulen, na súas ordenanzas fiscais, unha bonificación potestativa para aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

O Concello de Santiago, dentro da súa competencia recollía na súa ordenanza 1.01 unha bonificación para os titulares de familia numerosa baseada no valor catastral do inmovible.

No Pleno celebrado en outubro do 2015 acordouse substituír, no tocante á bonificación antes citada, o criterio do valor catastral polo da capacidade económica, mediante a introdución do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiplos (IPREM) como criterio de cálculo.

Unha vez que se levou a cabo a implantación da mesma, púxose de manifesto que aínda ben este criterio da capacidade económica é moito máis xusto e equitativo que o do valor catastral, non se tivo en conta que un dos aspectos caracterizadores das familias numerosas é o do número de membros, superior á media, que repercute diminuindo os ingresos familiares anuais brutos fronte ao resto das familias.

Neste senso, a exposición de motivos da Lei 40/2003, do 18 novembro, de protección ás familias numerosas contempla que:

Dentro de las diversas realidades familiares, las llamadas familias numerosas presentan una problemática particular por el coste que representa para ellas el cuidado y educación de los hijos o el acceso a una vivienda adecuada a sus necesidades. Estas circunstancias pueden implicar una diferencia sustancial con el nivel de vida de otras familias con menos hijos o sin ellos.

O Concello de Santiago, dentro das súas posibilidades, non debe ser alleo a esta realidade. Por iso, se partimos de que no ano 2015:

- A liquidación amosa que a estabilidade orzamentaria (capacidade de financiamento) foi positiva en máis de 7 millóns de euros.

- Ás bonificacións de familia numerosa afectaban a 224 recibos do total do padrón do IBI, composto por 93.193 recibos, é dicir, o 0,24%.

- O volume total da bonificación por familia numerosa (xunto coas bonificacións relativas a vivenda de protección oficial) era de 37.022,38 euros sobre uns ingresos totais (dereitos recoñecidos netos) de 28.822.831,80 euros, é dicir o 0,12%.

Á vista do anterior, non se atopan obstáculos relativos ao risco da capacidade económica do Concello, ou de compromiso da estabilidade orzamentaria, ou da regra do gasto, que se poidan aducir en contra da introdución da renda per cápita como criterio a ter en conta para regular a bonificación recollida na actualidade no artigo 3.3 da ordenanza 1.01 (IBI).

Polo tanto, e tendo en conta que na actualidade o artigo 3.3 da ordenanza 1.01 (IBI) do Concello de Santiago ten a seguinte redacción:

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa beneficiaranse dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, coas condicións e características seguintes: Ingresos familiares anuais brutos comprendidos nalgún dos intervalos da táboa seguinte, tomando como valores de referencia 14 pagas mensuais do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiplos (IPREM) vixente:

Intervalo	Bonificación
≤ 2 IPREM	90 %
> 2 IPREM e ≤ 3 IPREM	75 %
> 3 IPREM e ≤ 4 IPREM	65 %
> 4 IPREM e ≤ 5 IPREM	50 %

> 5 IPREM e <= 6 IPREM 30 %

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

O Concello constatará de oficio o empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude. Igualmente o Concello constatará de oficio, previa autorización do interesado, os ingresos declarados á administración tributaria por parte dos integrantes da unidade familiar, podendo requirir as informacións e documentos adicionais que estime oportunos.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

Incluíranse, así mesmo, no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu goce.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular.

E tendo en conta tamén o procedemento recollido no artigo 94 e 95 do ROM do Concello de Santiago, PROPONSEa toma en consideración da seguinte proposición normativa, co seguinte texto:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 3.3 da ordenanza 1.01 (IBI) do Concello de Santiago, de tal xeito que o artigo quede redactado co seguinte teor:

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa beneficiaranse dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual (sempre co valor catastral da mesma non supere os 190.000 €) e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, coas condicións e características seguintes: Ingresos familiares anuais brutos per cápita (o ingreso familiar bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5) comprendidos nalgún dos intervalos da táboa seguinte, tomando

como valores de referencia 14 pagas mensuais do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiplos (IPREM) vixente:

Intervalo	Bonificación
$\leq$ IPREM	90 %
$>$ IPREM e $\leq$ 1,25 IPREM	80 %
$>$ 1,25 IPREM e $\leq$ 1,5 IPREM	70 %
$>$ 1,5 IPREM e $\leq$ 1,75 IPREM	50 %
$>$ 1,75 IPREM e $\leq$ 2 IPREM	30 %
$>$ 2 IPREM	10%

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

O Concello constatará de oficio o empadramento dos membros da unidade familiar no inmobile obxecto da solicitude. Igualmente o Concello constatará de oficio, previa autorización do interesado, os ingresos declarados á administración tributaria por parte dos integrantes da unidade familiar, podendo requirir as informacións e documentos adicionais que estime oportunos.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro.

Incluíranse, así mesmo, no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu goce.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular. A bonificación caducará na data de caducidade sinalada no título de familia numerosa achegada polo interesado.

Segundo.- Someter o presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a un período de información pública de 30 días, mediante anuncio no BOP, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, para os efectos de que, no seu caso, se presenten as reclamacións que se consideren oportunas.

Terceiro.- No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario, entrando en vigor a devandita modificación para o exercicio tributario 2018.”

Posteriormente, con data 1 de marzo de 2017 e número de rexistro 9384, o grupo municipal Popular, volve a presentar en relación co anterior escrito, solicitude de que se inclúa o presente asunto na vindeira sesión plenaria.

Rematado o debate o Pleno da Corporación queda coñecedor da proposición normativa, relativa á ordenanza 1.01, imposto sobre bens inmobles transcrita, e por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda remitir o expediente aos servizos de tesourería e intervención, para que emitan o correspondente informe.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA A IMPLANTACIÓN DUN PLAN PERIÓDICO DE INSPECCIÓN PARA O CONTROL DO INICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS MEDIANTE COMUNICACIÓN PREVIA.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 24 de marzo de 2017, número de rexistro 124, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acontecido recentemente cun local de hostalería nocturna na nosa cidade, que, a pesar de ter declarado un aforo próximo ás cincocentas persoas, veu funcionando durante máis de un ano sen que se realizara ningunha inspección determinar a adecuación da actividade e o establecemento á comunicación previa presentada e á normativa, pon de manifesto a necesidade de abordar de forma inmediata unha medida que facilite e faga efectivo ese labor de inspección.

A promulgación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, introduciu unha profunda transformación ao substituír o control previo polo posterior para o inicio das actividades mercantís, e conforme a ela as sucesivas reformas provocadas por leis estatais e autonómicas afondaron na eliminación de atrancos a na axilización administrativa, coa posibilidade de axilizar a apertura de establecementos públicos e o inicio de actividade coa presentación dunha serie de documentos, entre eles unha declaración de persoa titular da actividade ou establecemento, no seu caso, subscrita por un técnico competente, de que se cumpren

todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.

En consonancia con este marco, e desenvolvendo a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Administración autonómica aprobou o Decreto 144/2016, regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que trata de xeito detallado o control a posteriori das actividades comunicadas. Nesta norma determínase a obriga dos plans de inspección municipais e, mesmo ante a falta dun plan de inspección, régulase de xeito subsidiario cales deben ser as prioridades de actuación. Así, resulta de obrigado cumprimento que a inspección actúe de forma prioritaria ante denuncia de particulares, actividades e establecementos que fosen obxecto de procedementos sancionadores e ante situacións de risco grave para o medio natural, a seguridade, a salubridade e, con carácter xeral, para os bens e as persoas.

Tal e como sinala a normativa, pois, a Administración local é a responsable da vixilancia do cumprimento dos requisitos establecidos, e con ese fin deberá realizar unha inspección posterior para verificar no propio local a adecuación das instalacións ao recollido na documentación que lle foi entregada e á correspondente normativa.

Desde o Grupo Popular entendemos que esa fase de control posterior resulta fundamental e -tal e como é preceptivo- debería ser obxecto dunha planificación periódica concreta, establecendo obxectivos e priorizando actuacións, motivo polo que se presenta esta iniciativa que trata, en definitiva, de mellorar o exercicio da potestade inspectora do Concello coa elaboración dun plan de inspección periódico a posteriori das actividades comunicadas, tal e como prevé a Lei autonómica 9/2013, do 19 de decembro, o Decreto 144/2016 e a propia disposición adicional cuarta da nosa ordenanza municipal no que se refire ao *“exercicio do control posterior nas obras e actividades comunicadas por parte do servizo do Concello de Santiago de Compostela encargado da inspección”*.

De acordo co anterior, propónse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a iniciar de urxencia a elaboración dun plan periódico de inspeccións para o control do inicio de actividades e apertura de establecementos mediante comunicación previa, fixando prioridades, entre elas o aforo declarado, en orde a garantir principalmente a seguridade para as persoas e cumprir o principio de igualdade, previndo situacións de competencia desleal.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 11 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9CA e 2 BNG), acordainstar ao correspondente órgano do goberno local a iniciar de urxencia, a elaboración dun plan periódico de inspeccións para o control do inicio de actividades e apertura de establecementos mediante comunicación previa, fixando prioridades, entre elas o aforo declarado, en orde a garantir principalmente a seguridade para as persoas e cumprir o principio de igualdade, previndo situacións de competencia desleal.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN A MODIFICACIÓNS DAS ORDENANZAS REGULADORAS DE PUBLICIDADE E ROTULACIÓN E DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA.

A proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con data 17 de abril de 2017 e número de rexistro 135, ten o seguinte contido:

“No Pleno Ordinario celebrado o 5 de outubro de 2015, adoptouse por unanimidade o seguinte acordo:

“Que, á maior brevidade posible, se inicien os procedementos para levar a cabo as revisións da ordenanza reguladora da publicidade e rotulación en vigor, así como da ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería”.

O citado acordo derivaba dunha proposición presentada polo Grupo Municipal Socialista ao Pleno da Corporación que tiña por obxecto garantir a axeitada protección do noso patrimonio histórico-artístico e a imaxe do conxunto da nosa cidade patrimonio da humanidade.

A súa necesidade e urxencia viña dada por sendas decisións do goberno anterior polas que modificaron os artigos 125.6 e 126.7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) nos que se establecían severas limitacións á publicidade estática e, especificamente, se prohibían determinados soportes publicitarios incorporados na nova redacción, así como na posterior Ordenanza Reguladora da Publicidade e Rotulación, na que se introduce a posibilidade, entre outras, de instalar rótulos de publicidade luminosos nas cimeiras dos edificios, exceptuando a cidade histórica, cunha altura máxima de 3,5 metros e unha superficie publicitaria total non superior a 30 metros cadrados; tamén contempla a posibilidade de establecer soportes publicitarios en solos de titularidade municipal mediante concesión administrativa.

Afortunadamente, tanto as limitacións introducidas no seu día pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico, como pola propia crise económica, permiten que a día de hoxe non se teña producido unha proliferación deste tipo de paneis e pancartas publicitarias que alterarían a imaxe da nosa cidade, tal e como está a suceder en moitas outras cidades da nosa contorna.

Transcorridos xa 19 meses desde a adopción deste acordo, sen que a pesar da urxencia e a unanimidade acadada, se teñan presentado ao Pleno da Corporación unha proposta de revisión das mencionadas ordenanzas, é polo que o Grupo Municipal Socialista, ten a ben presentar a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que no prazo máximo de 3 meses se presenten á Comisión Informativa correspondente os proxectos de modificación das Ordenanzas Reguladoras da Publicidade e Rotulación e das Terrazas e Quioscos de Hostalería.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que no prazo máximo de 3 meses se presenten á Comisión informativa correspondente os proxectos de modificación das ordenanzas reguladoras da publicidade e rotulación e das terrazas e quioscos de hostalería.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á NECESIDADE DE PROCEDER Á REHABILITACIÓN DO PAZO DA FINCA DO ESPIÑO.

O grupo municipal do BNG con data 18 de abril de 2017 e número de rexistro 136, presenta a proposición, cuxo contido se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de proceder á rehabilitación do pazo da Finca do Espiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finca do Espiño está situada a escasos metros do río Sarela e ao lado do monte do Pedroso. Preside a finca un pazo modernista que foi construído como residencia da familia Gutiérrez de la Peña Quiroga a que pertenceu hasta pasar a ser propiedade do Concello.

Sabemos que se falamos da Finca do Espiño, falamos de controversia, pelotazos urbanísticos, botándose de menos o valor patrimonial e o carácter público da finca e

máis do pazo. O conflito de intereses levaron ao complexo a situación actual, dende hai décadas o edificio caese en anacos e a única intervención que sufriu foi o apuntalamiento no ano 2011, estando o BNG ao fronte da concellería de Rehabilitación e Medio ambiente, tentándose evitar o seu derrubo.

Despois do desfile público dos diferentes encargados da rehabilitación do espazo, abre ao público en agosto do 2014 o parque, cun investimento de 660.000 euros. Un mes despois da apertura de este parque, sae a concurso a recuperación do pazo por 1,2 millóns de euros. As obras tiñan un prazo de execución de 12 meses, polo que estaría rehabilitado a finais do ano 2015. José Luís Pereiro ía ser finalmente o responsábel da rehabilitación e reconstrución do pazo.

O actual goberno deste Concello en agosto de 2015 adxudicou a Dragados a realización das obras por un importe de 869.910 euros. As instalacións destinaríanse para equipamento municipal.

Neste último ano fomos coñecedores de que o rumbo da rehabilitación cambiaba, ía haber un novo concurso, unha nova orientación e un novo proxecto. Abríndoselle expediente ao arquitecto por un sobrecoste do 20% das obras. O expediente finalmente péchase e arquívase.

Este ano o goberno acorda resolver o contrato coa empresa Dragados recibindo unha indemnización de case 28.000 euros, correspondentes ao 3% do presuposto da obra que non se puido executar.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Axilizar e priorizar as xestións para a rehabilitación do pazo da Finca do Espiño e investir na finca o diñeiro disposto para este fin por parte da empresa Layetana para evitar o estado de abandono e derrubo.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda axilizar e priorizar as xestións para a rehabilitación do Pazo da Finca do Espiño e investir na finca o diñeiro disposto para este fin por parte da empresa Layetana para evitar o estado de abandono e derrubo.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CESE E NOMEAMENTO DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse conta de resolución da alcaldía de data 13 de marzo de 2017, relativa a cesar a DON BRANCA PETRA NOVO REY, como membro da Xunta de Goberno Local e nomear a DONA NOA MARÍA MORALES SÁNCHEZ, como membro da Xunta de Goberno Local.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do 1 ao 28 de marzo de 2017 (núms. 1212 ao 1867).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2017 (Núm. 12).
Acta sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2017 (Núm. 13).
Acta sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2017 (Núm. 14).
Acta sesión ordinaria do día 17 de marzo de 2017 (Núm. 15).
Acta sesión ordinaria do día 24 de marzo de 2017 (Núm. 16).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 24 de marzo de 2017 (Núm. 17).
Acta sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2017 (Núm. 18).

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, faise un receso de vinte minutos, cando son as 18:35 horas e vólvese a reanudar a sesión as 18:55 horas.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 29 de marzo de 2017, núm. 126.
- 2.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17019.

PREGUNTAS RESPONDA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17022.
- 2.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17024.

PREGUNTAS RESPONDA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 20 de marzo de 2017, núm. 122.
- 2.- Rexistro de entrada do día 29 de marzo de 2017, núm. 127.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de abril de 2017, núm. 130.
- 2.- Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2017, núm. 139.
- 3.- Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2017, núm. 140.

PREGUNTAS RESPOTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de abril de 2017, núm. 131.
- 2.- Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2017, núm. 141.
- 3.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17033.
- 4.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17035.

PREGUNTAS RESPOTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2017, núm. 123.
- 2.- Rexistro de entrada do día 30 de marzo de 2017, núm. 128.
- 3.- Rexistro de entrada do día 6 de abril de 2017, núm. 129.
- 4.- Rexistro de entrada do día 12 de abril de 2017, núm. 133.
- 5.- Rexistro de entrada do día 12 de abril de 2017, núm. 134.
- 6.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2017, núm. 144.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-**ROGOS:**

- 1.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17015.
- 2.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17017.
- 3.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17020.

PREGUNTA RESPOTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 19 de abril de 2017, núm. 17021.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO BNG:**

- 1.- Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2017, núm. 137, para creación dun servizo de recollida previa nos colexios públicos.**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, creación dun servizo de recollida temperán nos colexios públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitas familias necesitan levar os seus fillos e fillas antes do horario lectivo ao colexio. Co fin de dar este servizo, o Concello ten un “Plan Madruga” que permite que nas unidades familiares nas que traballen as nais e os pais con crianzas escolarizadas poidan deixalos nos respectivos centros escolares dende as 07:30 horas ata a hora que comezan as clases. Durante este tempo as rapazas e rapaces están atendidos polo persoal cualificado da empresa adxudicataria deste servizo. Participan en xogos, actividades de dinamización e danlle o almorzo. Esta medida da unha resposta eficaz a moitas familias, o que supuña un problema á hora de buscar alguén que se fixera cargo das nenas e nenos hasta o comezo das clases.

O BNG quere que se inclúa dentro deste programa de conciliación a posibilidade dun servizo de recollida temprán para aquelas nais e pais que non precisen o servizo de almorzo, ofrecer un servizo de “gardería”, un servizo de “atención previa” nos colexios do concello e que non teña a obrigatoriedade de pagar o servizo de almorzo. Así mesmo as familias tamén poderán facer uso eventual do servizo.

ACORDO

Os centros deben de dispor dun servizo de recollida previa de alumnado que non inclúa o pagamento do almorzo cando non é preciso para a familia.

2.- Rexistro de entrada do día 18 de abril de 2017, núm. 138, para cambiar o emprazamento da antena de telefonía móbil do Restollal.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á solicitude de cambio de emprazamento dunha antena de telefonía situada na Travesa do Restollal número 8.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do barrio do Restollal fixo entrega no Rexistro municipal de 380 sinaturas de veciñas e veciños das rúas que lindan coa Travesa do Restollal para reclamar o cambio de localización dunha antena que fai as funcións de emisor-repetidor, ao considerar que pode situarse nun lugar máis afastado e reducir as radiacións electromagnéticas que poden prexudicar a saúde.

Sobre a repercusión das ondas que desprenden os emisores de telefonía móbil, a Organización Mundial da Saúde (OMS) adoptou o denominado “principio de precaución” e recomenda unha política de xestión de riscos aplicada en circunstancias

cun grao de incerteza científica, o que representa a necesidade de emprender accións para un risco potencialmente grave sen necesidade de agardar os resultados das investigacións científicas.

Pola súa banda, o Tribunal de Apelación de Versalles declarou que, aínda que a realidade do risco segue sendo hipotética, se fai evidente da lectura das contribucións e publicacións científicas producidas no debate sobre a repercusión das antenas de telefonía na saúde e tendo en conta as posicións lexislativas diverxentes adoptadas en diversos estados, que persiste a incerteza sobre a inocuidade da exposición ás ondas emitidas polas antenas de retransmisión e pódese considerar seria e razoábel. Deste xeito, invertiu a carga da proba ás empresas de telefonía, de forma que han de ser elas as que demostren que non entrañan risco para a saúde e non as persoas supostamente afectadas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela realizará, de urxencia, as xestións oportunas para buscar outro emprazamento afastado dos núcleos de poboación para a instalación da antena emisor-repetidor de telefonía móbil actualmente situada na Travesa do Restollal número 8, co fin de atender a reclamación da veciñanza.

2.- O Concello de Santiago de Compostela contribuirá a garantir e facer real unha oferta suficiente de lugares e espazos físicos para os operadores de telefonía poder realizaren un despregue ordenado das infraestruturas de redes de comunicación dende o punto de vista territorial, tal como recolle a Lei Xeral de Telecomunicacións, e tendo en conta a valoración e as necesidades da veciñanza de cada barrio.

3.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2017, núm. 142, relativa ao superávit dos concellos.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, aoabeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao superávit na liquidación orzamentaria municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Economía ven de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais,

pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destínase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moito restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar -como acontece agora- a maioría de entidades locais un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exigencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla liberdade na extensión do gasto nos servizos públicos, sendo aínda menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inxustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

a) Para que poida investir en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeles teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

4.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2017, núm. 143, para recuperar o vello hospital de Galeras para uso público.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á recuperación do inmóbel do vello hospital de Galeras para uso público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diversos colectivos sociais como as plataformas Compostela Non Se Vende, SOS Sanidade Pública, Erguer-Estudantes da Galiza e a veciñanza de Galeras

manifestáronse en contra do acordo subscrito por CA, PP e PSOE de cambiar o uso residencial comunitario por un uso privado do inmóbel do vello hospital de Galeras.

Esta decisión evidencia o cambio de posición do actual grupo de Goberno de Compostela Aberta cando aspiraba á Alcaldía e gobernaba o PP, que consideraba “inaceptable que para tal fin, tanto a USC como o Concello se alíen para que os terreos do antigo hospital en Galeras, agora cun uso residencial comunitario, se recalifiquen a uso residencial ou comercial, o que perpetuaría a especulación urbanística, unha das causantes desta crise-estafa, como sistema de financiamento para as arcas públicas, de nefasto resultado coas consecuencias que agora padece a maioría social”.

Ademais, a recente proposta da Xunta de dotar Santiago de Compostela dunha residencia máis para persoas maiores ratifica que era factíbel que fose no inmóbel do vello hospital de Galeras.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a realizar as xestións oportunas para implantar o novo centro de maiores previsto para Santiago no inmóbel do vello hospital de Galeras.

MOCIÓNS PRESENTADAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 145, en defensa do reinvestimento do superávit municipal.

María Rozas Pérez, concelleira de Economía e Facenda, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Entidades Locais españolas son a única administración pública que cumpre cos obxectivos de estabilidade. A súa contribución á redución do déficit público do Reino de España perante a Unión Europea foi determinante. Desde o ano 2012 o conxunto das Corporacións Locais vén xerando superávit:

Exercicio	% sobre o PIB	Millóns de euros
2012	0,32 %	2.287
2013	0,55 %	5.474

2014	0,53 %	5.938
2015	0,47 %	5.094
2016	0,64 %	7.083

Mais as restricións impostas ao seu reinvestimento impediron que a cidadanía dos municipios españois vexa mellorada a súa calidade de vida. O conxunto dos Alcaldes e as Alcaldesas véñse en graves dificultades para explicar aos seus veciños que non poden atender as súas demandas a pesar de contar con recursos dispoñibles para iso.

Durante os últimos exercicios, a obrigaón de circunscribir o reinvestimento do superávit a amortización de débeda e ao concepto de ‘investimento financeiramente sustentable’ e de xerar novos ingresos pola mesma contía do reinvestimento, impediu realizar infraestruturas e prestar servizos públicos demandados pola veciñanza.

A estas restricións, para 2017 súmase a de non poder facer ningún reinvestimento ata que os Orzamentos Xerais do Estado para este ano estean definitivamente aprobados, facendo imposible a tramitación dos expedientes administrativos durante este exercicio.

Precisamente agora, cando mellor é o superávit das Entidades Locais, con máis de 7 mil millóns en 2016, un incremento de 2 mil millóns desde o ano anterior, totalizando case 26.000 durante o último quinquenio, uns recursos que permitirían ter creado uns 400.000 postos de traballo, e xusto cando se anuncia que España logrou cumprir contablemente co obxectivo de déficit que esixiu a Bruxelas, é cando incomprensiblemente máis restricións se establecen ao uso duns recursos que son de toda a cidadanía e que deben ser utilizados en beneficio das persoas.

Esta situación, denunciada reiteradamente polos gobernos municipais do cambio xurdidos do 15M e polas forzas políticas da ruptura democrática co réxime do 78, mereceu recentemente a condena da Xunta de Goberno da FEMP, e non pode nin deben ser aceptada. Os tempos son chegados de que se nos permita reinvestir o noso superávit.

Os datos das liquidacións orzamentarias do Concello de Santiago mostran que o superávit municipal acumulado no quinquenio atinxiu case 37,5 millóns de euros. Esta cantidade de diñeiro que o Goberno central nos impide reinvestir equivale, por exemplo, ao mantemento e reposición das vías públicas de todo o concello durante todo o período, á dotación de abastecemento de auga á metade das parroquias do rural que actualmente carecen deste servizo básico, á subvención ao transporte urbano durante unha década, a unha renda de inclusión social equivalente ao salario mínimo para 1.000 persoas ou á creación de 120 empregos no noso Concello durante cada ano.

Por todo iso, o grupo municipal de Compostela Aberta, insta ao Pleno do Concello a adoptar as seguintes

RESOLUCIÓN

1. Instar o Goberno de España e aos Grupos Parlamentarios a que, pola vía de urxencia, adopten iniciativas lexislativas que permitan ás Entidades Locais reinvestir o seu superávit en calquera iniciativa que consideren oportuna para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

2. Modificar o proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 para que a Disposición adicional nonaxésima segunda estableza que o prazo temporal para poder realizar o reinvestimento do superávit de 2016 nos termos sinalados contemple os exercicios 2017 e 2018, tanto en relación cos compromisos de gasto como coas execucións. Por tanto, quedaría sen aplicación legal o contido do parágrafo segundo do apartado 5 da Disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en canto á condición de que o gasto executado no ano 2018, teña que estar comprometido no ano 2017, podendo comprometerse e executarse o gasto nos anos 2017 e 2018.

2.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 146, en defensa da autonomía municipal e da posibilidade de remunicipalizar a xestión de servizos públicos.

María Rozas Pérez, concelleira de Economía e Facenda, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCION**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como afirmou a Federación Española de Municipios e Provincias na súa Resolución de 6 de abril, as administracións locais son as únicas administracións públicas que cumpren cos obxectivos de estabilidade e de redución do déficit público. No exercicio 2016, o conxunto das corporacións locais xerou un superávit o 0,64% do PIB. Porén, no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para este exercicio continúan as restricións para que invistan eses fondos, e para que contraten persoal co cal prestar máis e mellores servizos públicos.

Por se foran poucas as trabas, o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, presentado o pasado 4 de abril, contén unha nova ameaza. Ademais de outras cuestións que afectan ao conxunto de municipios de Galicia, como a caída global do investimento, o proxecto inclúe unha Disposición Adicional, a número 27, titulada “Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público”.

Esta disposición nega a posibilidade de incorporar como empregados públicos ás persoas traballadoras en empresas contratistas de obras ou servizos públicos, no caso de que os contratos “se extingan polo seu cumprimento, por resolución, incluído o rescate, ou se se adopta o secuestro ou intervención do servizo”; e tamén ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que vaian a integrarse nunha Administración Pública.

O que pretende o Goberno do Estado, de facto, é os procesos de remunicipalización que están emprendendo diversas forzas municipalistas, especialmente desde o ano 2015. A nova disposición sobre o persoal das empresas concesionarias, xunto coas limitacións da taxa de reposición de persoal ao servizo das administracións públicas, impide a súa subrogación por parte dos concellos ou entidades de dereito público que deles dependen.

En caso de que, excepcionalmente, unha sentenza obrigue a incorporar a este persoal, contabilizará como novo ingreso do cómputo da taxa de reposición de efectivos, o cal impedirá que as administracións locais suplan as baixas por xubilación ou postos vacantes, mermando así a súa actividade ordinaria e impide a remunicipalización de contratas cun número elevado de empregados/as.

Esta medida implica que as persoas traballadoras das condicionarias perderían o dereito á subrogación que teñen recoñecida por normativa laboral, se o servizo se xestiona desde o sector público. O contido da disposición ten unha vixencia temporal indefinida, e non está motivada nin razonada.

A verdadeira intención do Goberno central con esta proposta normativa non pode entenderse máis que coma un movemento a favor da privatización dos servizos públicos e das grandes empresas concesionarias, e un novo ataque á autonomía municipal, cada vez máis limitada.

A disposición adicional vixésimo sétima é un auténtico cabalo de Troia contra a autonomía municipal. Deberan ser as corporacións locais quen decidiran, dentro do marco legal establecido, se prestar os seus servizos directamente ou a través de empresas concesionarias, en lugar de que o Goberno do Estado estableza, a través de subterfuxios, medidas que dificulten a adopción dese tipo de decisións.

Esta disposición entra en contradición co artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, que garantiza a autonomía das entidades locais e obriga a que a lexislación o Estado asegure o dereito das corporacións a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao seu círculo de intereses, conforme aos principios de descentralización e máxima prioridade da xestión administrativa.

O artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece ademais que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse do xeito máis sostible e eficiente, ben a través de xestión directa, ben por un organismo local, a través de entidade pública empresarial local, ou por unha sociedade mercantil local. Se a disposición adicional entrara en vigor, este artigo quedaría, na práctica, sen efecto.

Por estes motivos, é proposto ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través da Disposición Adicional Vixésimo do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende interferir nos procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais para que, no prazo de tramitación do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, deixen sen efecto o contido da Disposición Adicional Vixésimo Sétima.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a manifestarse en contra da Disposición Adicional Vixésimo Sétima do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

3.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 152, contra o ataque ao pobo Sirio do 4 de abril de 2017.

O Concelleiro de Educación e Cidadanía, Manuel Díos Diz, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre Armamento Químico, legalmente denominada “*Convención sobre a Prohibición do Desenvolvemento, Produción, Almacenamento e Uso de Armas Químicas e sobre a súa Destrución*” foi asinado en 1993 e está vixente desde o 29 de Abril de 1997. Complementa e amplía o coñecido como *Protocolo de Xenebra* de 1925. Sobre esa base, ratificada por todos os Estados intervinentes no conflito sirio, agás Israel, o bombardeo aéreo con armamento químico do pasado 4 de abril de 2017, probablemente con gas sarín, sobre a poboación civil indefensa da cidade siria de JanSeihunj, non pode cualificarse máis que como un gravísimo crime de guerra, unha acción inxustificable e ilegal na cal morreron máis de 80 persoas, das que cando menos 11 eran nenos e nenas de moi curta idade.

A nosa máis firme condena por este acto de barbarie non pode levarnos a dar por boas e acreditadas as sospeitas de que tal acción criminal foi responsabilidade do Goberno ditatorial de Bachar el Asad ou de Rusia. Por moi cribles que parezan as sospeitas, sen unha investigación contrastada e independente, e sen o respaldo do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, non se pode considerar lexítimo un ataque unilateral por parte doutro Estado, actuando como represalia. Tal acción, aínda que tivera lugar sobre un obxectivo militar, vulnera o dereito internacional e repite, lamentablemente, as actuacións ilegais e inxustas que aconteceron en 2003 sobre Iraq, co pretexto da existencia de armas de destrución masiva en poder de SaddamHusseim, que logo resultaron absolutamente falsas.

Siria, como sabemos, sobre todo a súa poboación civil, leva sufrindo unha guerra terrible desde hai máis de 6 anos, con múltiples actores non sempre identificados e identificables, na cal o país está practicamente destruído, os mortos e feridos cóntanse por centos de milleiros e os refuxiados por millóns, moitos deles malvivindo ás portas dunha Europa insensible que renunciou aos valores da solidariedade, da acollida ou do asilo.

Pola súa banda, dúas grandes potencias mundiais, Estados Unidos e Rusia, están levando a cabo un proceso de rearme e intervención militar que xa case se pode cualificar de escalada armamentista. Se a segunda interveu militarmente en Siria e Ucraína, e con certa frecuencia realiza voos militares inidentificados nos límites do espazo OTAN, a primeira bombardeou o 13 de abril Afganistán coa bomba non nuclear máis potente do mundo, supostamente enviou unha escuadra naval ao mar de Xapón, e realizou ensaios de dispositivos termonucleares o 14 de abril. Segundo varias fontes, ambas están aumentando os seus arsenais estratéxicos no que podería ser un incumprimento do Tratado SORT e do Tratado de Non Proliferación Nuclear.

O incremento dos orzamentos nacionais en armamento -como o demandado polos Estados Unidos e seguido ao pé da letra polos países membros da OTAN, incluída España; ou o de China, con incrementos de dous díxitos no seu orzamento militar; ou o da India, entre outros países- e ás actuacións á marxe da legalidade internacional comentadas antes, non fan precisamente un mundo máis seguro, senón todo o contrario.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta ao Pleno para a súa aprobación os seguintes **ACORDOS**:

1.- O Concello de Santiago de Compostela manifesta publicamente a súa máis enérxica repulsa pola utilización de armamento químico en calquera conflito bélico, nomeadamente en Siria, e solicita unha investigación rigorosa e independente sobre a súa procedencia e a condena dos culpables conforme ao Dereito Internacional; ao tempo que rexeita de forma decidida as intervencións unilaterais de calquera Estado sen o

respaldo das Nacións Unidas. O Concello de Santiago de Compostela demanda o remate definitivo das intervencións bélicas e a apertura de vías de diálogo e de entendemento entre as partes en conflito co obxecto de atopar unha solución negociada, xusta e duradeira para toda a rexión.

2.- Solicitar do Goberno español as explicacións correspondentes sobre o uso de barcos para atacar Siria, que teñen por base a cidade andaluza de Rota, e manifestar a oposición a que o territorio do Estado sexa utilizado, activa ou pasivamente, para intervir en accións de guerra que vulneran o Dereito Internacional.

3.- Instar ás administracións públicas con competencias en materia educativa (Goberno do Estado, Comunidade Autónoma), así como aos grupos políticos e entidades sociais que intentan alcanzar un pacto educativo, a reforzar os currículos en materia de Educación pola Paz e a Non violencia, como xeito de promover a resolución non violenta dos conflitos e instalar, na mente dos seres humanos, a necesidade da convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.

EMENDAS.-

1.- Rexistro de entrada do día 26 de abril de 2017, número 153, emenda de modificación/transacción á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na oferta de emprego público.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emenda de modificación/transacción á moción do Grupo Municipal do PP (rexistro de entrada 151 con data 24/04/2017) para a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na oferta de emprego público.

Xustificación:

Dadas as limitacións do número de prazas que se poden sacar nas ofertas de emprego, e que para realizar a reserva do 7% para persoas con diversidade funcional (2% para as persoas con discapacidade intelectual e o resto para outras diversidades) é necesario contar cunha oferta de emprego; consideramos máis adecuado realizar o estudo das prazas que se oferten, en lugar da relación de postos de traballo.

A modificación proposta sobre o acordo da moción é a que se relaciona a continuación:

Onde di:

“Que o Concello de Santiago elabore un estudo dos diversos postos de traballo recollidos na RPT para determinar cales poden ser cubertos por persoas discapacitadas, en función da discapacidade e das tarefas a desempeñar, como traballo previo para futuras ofertas públicas de emprego, e en especial para aquelas persoas con discapacidade intelectual, dada a distinción que se fai no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)”

Que diga:

“Que o Concello de Santiago de Compostela elabore un estudo de cada un dos postos de traballo incluídos nas ofertas de emprego para determinar cales poden ser cubertos por persoas con diversidade funcional, en función da discapacidade e as tarefas a desempeñar, e en especial para aquelas persoas con discapacidade intelectual, dada a distinción que se fai no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).”

2.- Rexistro de entrada do día 26 de abril de 2017, número 156, emenda de modificación/transacción á moción presentada polo BNG para creación dun servizo de recollida previa nos colexios públicos.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emenda de modificación/transacción á moción do Grupo Municipal do BNG (rexistro de entrada 137 con data 18/04/2017), para creación dun servizo de recollida previa nos colexios públicos.

A modificación proposta sobre o acordo da moción é a que se relaciona a continuación:

Onde di:

“Os centros deben de dispor dun servizo de recollida previa de alumnado que non inclúa o pagamento do almorzo cando non é preciso para a familia.”

Que diga:

“Que o Concello de Santiago de Compostela incorporará, de cara ao curso que vén, a demanda e os custes do servizo de madrugadores nos colexios de infantil e primaria diferenciando o almorzo das actividades no horario vixente, de tal maneira que as familias poideran optar entre almorzar ou non no citado servizo”.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 148, relativa ás melloras dos espazos públicos e rehabilitación das vivendas de Vite.

O Grupo Municipal Socialista ven de mantar unha xuntanza coa veciñanza de Vite na que lle comunicaron a necesidade de realizar melloras nos espazos públicos, así como a súa preocupación pola falta de noticias respecto da Area de Rehabilitación Integral, aprobada en 2016.

As melloras necesarias ás que fan referencia son demandadas desde hai tempo e derivan dunha falta de mantemento e xestión do goberno, como exemplo claro atopamos a fonte da praza Lalo Hernández, a que historicamente estivo na Praza Roxa, que leva desde hai máis de tres anos sen funcionar. De feito, temos constancia de que hai un ano retirouse o motor e, ata o día de hoxe, nada se ten sabido ao respecto.

Non moi lonxe desta praza, está o parque infantil cuxo mal estado é unha evidencia, debendo ter en conta que non foi obxecto de mellora algunha dese hai moitos anos. A isto debemos sumarlle a falta de poda en toda a zona, o que fai que esta zona sexa pouco segura para os máis pequenos, mesmo representantes veciñais nos trasladan que de cando en vez teñen que recoller eles mesmos as madeiras que están no chan de todo o parque.

Tamén é motivo de queixa o mal estado das luminarias (tanto en Alexandre Bóveda como na avenida de Castelao non iluminan o suficiente) e o mal estado das tapas de subministro de auga que provocan inundacións en todo o ámbito. Así como, o problema notable da mobilidade e accesibilidade entre os bloques, a veciñanza leva anos reclamando sendeiros que eviten os interminables rodeos entre ás diferentes rúas.

Con respecto á falta de noticias da Area de Rehabilitación Integral, demandar que se remate o estudo de detalle á maior brevidade posible, xa que como todos sabemos nestas vivendas residen moitas persoas maiores.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal atenda as demandas da veciñanza de Vite respecto ás melloras detalladas no texto desta moción e remate o estudo de detalle da Area de Rehabilitación Integral deste ámbito dados os gravísimos problemas de mobilidade que está a padecer a toda a veciñanza.

2.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 149, relativa a diversas necesidades da parroquia da Sabugueira.

A parroquia de Sabugueira é a máis extensa do noso término municipal, conta con 16 kilómetros cadrados, e constitúe a principal entrada á cidade da través do Camiño Francés.

A Asociación Ruta Xacobeá mantivo unha xuntanza co grupo municipal socialista para comunicarlle a necesidade dalgunhas actuacións e investimentos na procura da mellora da primeira imaxe que os peregrinos reciben do noso Concello. Así, a veciñanza demanda espazos de descanso e lecer que se podían executar nalgún dos predios da Parcelaria que agora están alugadas a particulares e que, nalgúns casos –como poidemos constatar- non están debidamente coidadas. Como exemplo, a que se atopa en San Paio, unha aldea singular, na que o Concello ou o goberno autonómico podería desenvolver un área de descanso.

Os socialistas estimamos que o feito de que A Sabugueira sexa a principal entrada do Camiño Francés á cidade, debe ser posto en valor, destacando o potencial desta parroquia, que ten un pazo, unha antiga fábrica de curtidos ou un castro que se deba incorporar ao roteiro que foi recentemente aprobado no Pleno da Corporación. En relación con esta recuperación do patrimonio, débese destacar que no enclave das Pontes existe un espazo no que os peregrinos se lavaban antes de chegar a Santiago e presentarse ante o Apóstolo, polo que entendemos que sería importante recuperar todo ese ámbito e instalar unha placa explicativa do que alí acontecía.

Sen dúbida, un dos principais problemas que ten a veciñanza é o relativo aos subministros, tanto de saneamento como de auga, debendo recuperar o acordo asinado co concello de Boqueixón e que debería terse abordado por fases, máis nestes últimos seis anos non se avanzou nada.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

A) Que o goberno municipal estude as melloras propostas no texto desta moción relativas á mellora do Camiño Francés e que inciden na primeira imaxe que os peregrinos reciben do noso Concello.

B) Que o goberno municipal desenvolva as actuacións necesarias para dotar de subministro de auga e saneamento á veciñanza de Sabugueira.

EMENDAS:

1.- Rexistro de entrada do 26 de abril de 2017, núm. 155, emenda de adición á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na oferta municipal de emprego público.

O Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación unha emenda de adición á moción presentada polo Grupo Municipal Popular relativa á inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na oferta municipal de emprego público, polo que propón a aprobación dun terceiro acordando cuxo texto é o seguinte:

Que o Concello de Santiago faga uso de declaracións responsables, tal e como recolle o artigo 71.bis.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, respectando o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o seu regulamento de desenvolvemento.

2.- Rexistro de entrada do 26 de abril de 2017, emenda de substitución do á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da autonomía municipal e da posibilidade de remunicipalizar a xestión de servizos públicos.

O Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación unha emenda de substitución á moción presentada por Compostela Aberta respecto da defensa da autonomía municipal e da posibilidade de remunicipalizar a xestión de servizos públicos, para o que propón as seguintes **resolucións**:

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, así como a súa plasmación na Disposición Adicional Vixésimo Sétima do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que interfere nos procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais para que deixen sen efecto o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. Así mesmo, solicitar que no prazo de tramitación do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, deixen sen efecto o contido da Disposición Adicional Vixésimo Sétima.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a manifestarse en contra do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, así como a súa repercusión nas Leis dos Orzamentos Xerais do Estado de 2014, 2015, 2016 e no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

MOCIÓNPRESNTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 151, sobre inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual na oferta municipal de emprego público.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das accións para lograr unha plena e efectiva integración social das persoas, independentemente de calquera outra consideración, o acceso a un posto de traballo constitúe unha prioridade polo que significa de satisfacción dunha necesidade básica como é a obtención de recursos que garantan un medio de vida e como forma para estimular un recoñecemento, tanto social como das propias capacidades. No caso das persoas con discapacidade, esa prioridade da integración adquire se cabe un carácter máis esencial, debido a unha inxusta consideración social e a seren historicamente postergadas dunha forma especialmente evidente e grave no plano laboral.

Os poderes públicos levan anos tratando de situar esta prioridade na axenda política, propiciando medidas lexislativas e normativas que favorezan a integración, especialmente daqueles colectivos con máis dificultades para o acceso ao mundo laboral, como as persoas con discapacidade, un grupo vulnerable e numeroso, ao que – como mencionamos- a sociedade tradicionalmente situou nun posición de exclusión, restrinxindo -cando non ignorando- os seus dereitos de liberdade, de igualdade e de dignidade.

A pesar dos innegables avances sociais que se teñen acadado nos últimos anos, tanto na esfera das empresas privadas como, sobre todo, no ámbito da función pública, existen aínda moitos atrancos que dificultan a integración social que preconiza o dereito constitucional para as persoas con discapacidade e cuxa responsabilidade lle corresponde en primeiro lugar aos poderes públicos, promovendo accións e políticas que eliminen as barreiras que dificulten ou impiden aqueles atrancos.

Se as persoas con discapacidade constitúen aínda un colectivo marxinado no ámbito laboral, as persoas con discapacidade intelectual padecen unha dificultade engadida para a súa integración, derivada das súas propias limitacións no funcionamento intelectual que raramente atopan nin o apoio específico na súa formación ni a axuda extraordinaria que precisarían.

Hai escasos meses, a Xunta de Galicia deu a coñecer a adopción dunha medida laboral dirixida a persoas con discapacidade intelectual: a creación de prazas na oferta de emprego deste ano reservadas para este colectivo, seguindo o disposto no RD Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e de conformidade co contido dun convenio asinado o pasado ano con representantes de Down Galicia e da Federación Galega de Asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMG), para facilitar a súa inserción laboral na Administración Autonómica.

Na Oferta de Emprego Público do Concello de Santiago para este ano 2017, seguindo tamén o recollido no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, contéplase a reserva dunha única praza de administración xeral para persoas con discapacidade, con carácter xeral e sen determinar ningún tipo.

Como queira que, no caso de convocatorias realizadas para persoas con discapacidade intelectual, faise preciso unha adaptación específica do temario e das probas de acceso, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

-Que o Concello de Santiago elabore un estudo dos diversos postos de traballo recollidos na RPT para determinar cales poden ser cubertos por persoas discapacitadas, en función da discapacidade e das tarefas a desempeñar, como traballo previo para futuras ofertas públicas de emprego, e en especial para aquelas persoas con discapacidade intelectual, dada a distinción que se fai no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP). Todo iso, en colaboración coas entidades representativas máis directamente implicadas, ao igual que para promover a necesaria adaptación do temario, das probas de acceso e, chegado o caso, do posto de traballo, para facilitar a inserción laboral destas persoas.

-Que o Concello de Santiago teña en conta, á hora de elaborar as listas para substitucións, a reserva de prazas para persoas con discapacidade, en función da

discapacidade e das tarefas a desempeñar, ampliando así a obriga recollida no artigo 59 do Texto refundido do EBEP.

EMENDAS:

1.- Rexistro de entrada do día 27 de abril de 2017, núm. 157, emenda á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa do reinvestimento do superávit municipal.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA “EN DEFENSA DO REINVESTIMENTO DO SUPERÁVIT MUNICIPAL”, de data 18 de abril de 2017.

Proponse unha nova redacción do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a que leve a cabo as seguintes accións:

- A revisión do deseño e aplicación actual da regra do gasto tendo en conta os criterios e normas aprobados no ámbito da Unión Europea e os criterios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira das administracións públicas.
- A modificación da Lei de Facendas Locais (DA XVI do RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para ampliar os grupos de programas nela recollidos e polo tanto poder empregar o superávit sen as actuais restricións por materias.
- A modificación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria (Lei 2/2012, do 27 de abril) e a Lei de Facendas Locais (RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para permitir o emprego do superávit anualmente, sen necesidade da previa autorización pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2.- Rexistro de entrada do día 27 de abril de 2017, núm. 158, emenda á moción do grupo municipal do BNG, relativa ao superávit dos concellos.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO “RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS”, de data 21 de abril de 2017.

Propónse unha nova redacción do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España a que leve a cabo as seguintes accións:

- A revisión do deseño e aplicación actual da regra do gasto tendo en conta os criterios e normas aprobados no ámbito da Unión Europea e os criterios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira das administracións públicas.
- A modificación da Lei de Facendas Locais (DA XVI do RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para ampliar os grupos de programas nela recollidos e polo tanto poder empregar o superávit sen as actuais restricións por materias.
- A modificación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria (Lei 2/2012, do 27 de abril) e a Lei de Facendas Locais (RDLex 2/2004, do 5 de marzo) para permitir o emprego do superávit anualmente, sen necesidade da previa autorización pola correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte declaración institucional que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG):

DECLARACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO EN APOIO AOS TRABALLADORES/AS DA PLANTA HALAGO ALIMENTARIA S.A. NO POLÍGONO DO TAMBRE

Halago Alimentaria S.A., é unha empresa ubicada dende o ano 2012 no Polígono do Tambre na cidade de Santiago de Compostela. Adquiriu a Grupo Panrico fai 5 anos, neste proceso asumiu o 40% do persoal e encargouse da fabricación dalgúns produtos para a propiedade DONUT co obxecto de asegurar a viabilidade da fábrica.

Actualmente esta empresa leva máis dun ano nunha continua e permanente diminución da súa produción e, polo tanto, da súa carga de traballo. Tras a imposición dun ERTE no mes de abril de 2016, que foi posteriormente anulado xudicialmente e o inicio no mes de outubro do mesmo ano dun proceso concursal, os máis de 30 traballadores/as do cadro de persoal afectados non teñen aínda noticia algunha sobre o seu futuro.

Esta situación ven a afondar na perda continuada de empregos, deixando de novo a moitas familias veciñas en situacións precarias e difíciles de afrontar.

O Concello de Santiago expresa a súa solidariedade cos traballadores/as de Halago Alimentaria S.A., polo que:

- 1.- Solicita á dirección da empresa que adopte as medidas necesarias que posibiliten a recuperación canto antes da produción, garantindo as condicións laborais do persoal.
- 2.- Solicita á dirección da empresa que transmita información continua á representación dos traballadores/as sobre as decisións que se adopten, en concreto as que atinxen ao xeito de proceder de cara a eliminación da incerteza na que viven as familias afectadas.
- 3.- Solicita ao órgano competente da Xunta de Galicia que coordine cos axentes sociais e institucionais da cidade todas as actuacións tendentes ao mantemento da actividade na planta Halago Alimentaria S.A. por considerar imprescindible para Santiago de Compostela a implicación dos mesmos no afianzamento dos proxectos industriais da cidade.

Antes de entrar no debate das mocións, dáse lectura as seguintes declaracións institucionais:

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte declaración institucional que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), e que substitúe á moción presentada por Compostela Aberta:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN RELACIÓN CO ATAQUE CON ARMAS QUÍMICAS ACONTECIDO EN SIRIA O 4 DE ABRIL DE 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre Armamento Químico, legalmente denominada “Convención sobre a Prohibición do Desenvolvemento, Produción, Almacenamento e Uso de Armas Químicas e sobre a súa Destrución” foi asinado en 1993 e está vixente desde o 29 de Abril de 1.997. Complementa e amplía o coñecido como Protocolo de Xenebra de 1925. Sobre esa base, ratificada por todos os Estados intervinentes no conflito sirio, agás Israel, o bombardeo aéreo con armamento químico do pasado 4 de abril de 2017, probablemente con gas sarín, sobre a poboación civil indefensa da cidade siria de JanSeihunj, non pode cualificarse máis que como un gravísimo crime de guerra, unha acción inxustificable e ilegal na cal morreron máis de 80 persoas, das que cando menos 11 eran nenos e nenas de moi curta idade.

A nosa máis firme condena por este acto de barbarie non pode levarnos a dar por boas e acreditadas as sospeitas de que tal acción criminal foi responsabilidade do Goberno ditatorial de Bachar el Asad ou de Rusia. Por moi cribles que parezan as sospeitas, sen unha investigación contrastada e independente, e sen o respaldo do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, non se pode considerar lexítimo un ataque unilateral por parte doutro Estado, actuando como represalia. Tal acción, aínda que tivera lugar sobre un obxectivo militar, vulnera o dereito internacional e repite, lamentablemente, as actuacións ilegais e inxustas que aconteceron en 2003 sobre Iraq, co pretexto da existencia de armas de destrución masiva en poder de SaddamHusseim, que logo resultaron absolutamente falsas.

Siria, como sabemos, sobre todo a súa poboación civil, leva sufrindo unha guerra terrible desde hai máis de 6 anos, con múltiples actores non sempre identificados e identificables, na cal o país está practicamente destruído, as persoas mortas e feridas cóntanse por centos de milleiros e as refuxiadas por millóns, moitas delas malvivindo ás portas dunha Europa insensible que renunciou aos valores da solidariedade, da acollida ou do asilo.

Pola súa banda, dúas grandes potencias mundiais, Estados Unidos e Rusia, están levando a cabo un proceso de rearme e intervención militar que xa case se pode cualificar de escalada armamentista. Se a segunda interveu militarmente en Siria e Ucraína, e con certa frecuencia realiza vós militares inidentificados nos límites do espazo OTAN, a primeira bombardeou o 13 de abril Afganistán coa bomba non nuclear máis potente do mundo, supostamente enviou unha escuadra naval ao mar de Xapón, e realizou ensaios de dispositivos termonucleares o 14 de abril. Segundo varias fontes, ambas están aumentando os seus arsenais estratéxicos no que podería ser un incumprimento do Tratado SORT e do Tratado de Non Proliferación Nuclear.

O incremento dos orzamentos nacionais en armamento -como o demandado polos Estados Unidos e seguido ao pé da letra polos países membros da OTAN, incluída España; ou o de China, con incrementos de dous díxitos no seu orzamento militar; ou o da India, entre outros países- e ás actuacións á marxe da legalidade internacional comentadas antes, non fan precisamente un mundo máis seguro, senón todo o contrario.

Por todo isto, os grupos municipais do Concello de Santiago **ACORDAN:**

1.- Manifestar publicamente a máis enérxica repulsa pola utilización ilegal de armamento químico en calquera conflito bélico, nomeadamente en Siria, e solicita unha investigación rigorosa e independente sobre a súa procedencia e a condena dos culpables conforme ao Dereito Internacional; ao tempo que rexeita de forma decidida as intervencións unilaterais de calquera Estado sen o respaldo das Nacións Unidas. O Concello de Santiago de Compostela, demanda o remate definitivo das intervencións

bélicas e a apertura de vías de diálogo e de entendemento entre as partes en conflito co obxecto de atopar unha solución negociada, xusta e duradeira para toda a rexión.

2.- Manifestar a oposición a que o territorio do Estado sexa utilizado, activa ou pasivamente, para intervir en accións de guerra que vulneran o Dereito Internacional.

3.- Instar ás administracións públicas con competencias en materia educativa, así como aos grupos políticos e entidades sociais que intentan alcanzar un pacto educativo, a reforzar os currículos en materia de Educación pola Paz e a Nonviolencia, como xeito de promover a resolución non violenta dos conflitos e instalar a necesidade da convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.

A continuación, e en relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais, unha vez declarada a súa urxencia, e rematado o debate das mesmas, adoptáronse os seguintes acordos:

Con respecto á moción do BNG, relativa á creación dun servizo de recollida previa nos colexios públicos e unha vez aceptada á emenda presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordaincorporar, de cara o curso que ven, a demanda e os custes do servizo de madrugadores nos colexios de infantil e primaria diferenciando o almorzo das actividades no horario vixente, de tal maneira que as familias puideran optar entre almorzar ou non no citado servizo.

No tocante á moción do BNG, relativa a cambiar o emprazamento da antena de telefonía móbil do Restollal, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

1. Realizar, de urxencia, as xestións oportunas para buscar outro emprazamento afastado dos núcleos de poboación para a instalación da antena emisor-repetidor de telefonía móbil actualmente situada na Travesa do Restollal número 8, co fin de atender a reclamación da veciñanza.

2. Contribuír a garantir e facer real unha oferta suficiente de lugares e espazos físicos para os operadores de telefonía poder realizaren un despregue ordenado das infraestruturas de redes de comunicación dende o punto de vista territorial, tal como recolle a Lei Xeral de Telecomunicacións, e tendo en conta a valoración e as necesidades da veciñanza de cada barrio.

Na moción do BNG relativa ao superávit dos concellos, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e

9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32.1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeles teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

En relación á moción do BNG, relativa á recuperación do vello hospital de Galeras, o Pleno da Corporación por 2 votos a favor, correspondentes ao/a concelleiro/a do BNG, e 21 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, Partido Popular e PSdeG-PSOE (9 CA, 9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda instar á Xunta de Galiza a realizar as xestións oportunas para implantar o novo centro de maiores previsto para Santiago no inmovible do vello hospital de Galeras.

Con respecto á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa do reinvestimento do superávit municipal, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en

contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar ao Goberno de España e aos Grupos Parlamentarios:

a) A que, pola vía de urxencia, adopten iniciativas legislativas que permitan ás Entidades Locais reinvestir o seu superávit en calquera iniciativa que consideren oportuna para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

b) A modificar o proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, para que a disposición adicional nonaxésima segunda estableza que o prazo temporal para poder realizar o reinvestimento do superávit de 2016 nos termos sinalados contemple os exercicios 2017 e 2018, tanto en relación cos compromisos de gasto como coas execucións. Polo tanto, quedaría sen aplicación legal o contido do parágrafo segundo do apartado 5 da disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en canto á condición de que o gasto executado no ano 2018, teña que estar comprometido no ano 2017, podendo comprometerse e executarse o gasto nos anos 2017 e 2018.

Na moción do grupo municipal de Compostela Aberta, en defensa da autonomía municipal e da posibilidade de remunicipalizar a xestión de servizos públicos, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor, correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través da Disposición Adicional Vixésima Sétima do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende interferir nos procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais para que, no prazo de tramitación do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, deixen sen efecto o contido da disposición adicional vixésima sétima.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a manifestarse en contra da disposición adicional vixésima sétima do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais para 2017.

En canto á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ás melloras dos espazos públicos e rehabilitación das vivendas de Vite, o Pleno da Corporación, por

unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que o goberno municipal atenda as demandas da veciñanza de Vite respecto ás melloras dos espazos públicos e remate o estudo de detalle da área de rehabilitación integral dese ámbito, dados os problemas de mobilidade que está a sufrir a veciñanza.

Na seguinte moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ás necesidades na parroquia de Sabugueira, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que o goberno municipal estude as melloras do Camiño Francés e que inciden na primeira imaxe que os peregrinos reciben do concelloe, así mesmo, desenvolva as actuacións precisas para dotar de subministro de auga e saneamento a parroquia de Sabugueira.

Na moción do grupo municipal do Partido Popular, en relación á inserción laboral de persoas con discapacidade na oferta municipal de emprego público e unha vez aceptada a emenda presentada polo grupo municipal de CA, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

1.- Elaborar un estudo de cada un dos postos de traballo incluídos nas ofertas de emprego para determinar cales poden ser cubertos por persoas con diversidades funcionais, en función da discapacidade e as tarefas a desempeñar, e en especial para aquelas persoas con discapacidade intelectual, dada a distinción que se fai no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- Ter en conta, á hora de elaborar as listas para substitución, a reserva de prazas para persoas con discapacidade, en función da discapacidade e das tarefas a desempeñar, ampliando así a obriga recollida no artigo 59 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:35 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández